



CICERÓN: ORATORIA E RETÓRICA

Nome: Marcus Tullius Cicero

Vida: 106-43 a.n.e/A.C. (República Romana)

Cicerón foi un orador brillante que reflectiu sobre a súa propia **experiencia** e un notable **teórico** que elaborou unha **doctrina** a partir da súa práctica oratoria.

Realizou unha apaixonada defensa da Retórica como “arte” **históricamente determinada** -variable, por tanto, no tempo e no espazo- e como complemento inseparable da Filosofía (moi especialmente da Lóxica e da Dialéctica).

OBRAS RETÓRICAS MENORES

De inventione: 86 a.n.e/A.C.

De optimo genere oratorum: 46 a.n.e/A.C.

Topica: 44 a.n.e/A.C.

Partitiones oratoriae: 45 a.n.e/A.C.

***De inventione*:**

Obra de xuventude, garda certas analoxías coa *Rhetorica ad Herennium*, obra contemporánea. É unha recopilación **antolóxica** de nocións e preceptos seleccionados entre obras de diferentes autores. Foi un dos principais vehículos de transmisión da Retórica antiga á Idade Media. Apóiasse nos principios filosóficos de **Aristóteles** e fai un análise crítico das nocións de **Hermágoras**. O seu contido é fundamentalmente **xudicial** e explica, sobre todo, o que para el constitúe o “modelo do bo argumento”: o “epiquerema”, siloxismo desenvolvido no que unha premisa ou as dúas son seguidas polas súas probas.

Topica:

Manual sobre lugares comúns dirixido a Trebacio, é un resumen dos Tópicos de **Aristóteles** e pretende ser un **instrumento** práctico ao servizo da actividade **xurídica**. Esta obra, ilustrada con exemplos xurídicos, filosóficos e literarios, define o «tópico» como o lugar que proporciona os argumentos que convirten un asunto dudoso en creíble.

Partitiones oratoriae:

Manual escolar redactado en forma de preguntas e de respostas, é un resumo breve no que Cicerón orienta ao seu fillo no estudo da filosofía académica e no exercicio da oratoria que nela se funda. É unha Retórica **elemental** e **esquemática** na que trata dos recursos do orador, dos compoñentes do discurso, da natureza das causas e dos diferentes tipos de público.

Nota bene: as obras menores de Cicerón son máis ben manuais para uso do orador

OBRAS RETÓRICAS MAIORES

De oratore: 55 a.n.e/A.C.

Brutus: 45 a.n.e/A.C.

Orator: 46 a.n.e/A.C.

De oratore:

Adicada ao seu irmán Quinto, está redactada en forma de **diálogo** e os seus interlocutores principais son Licinio Craso e Marco Antonio.

Comprende **3 libros** adicados ao orador, á invención e disposición e á elocución. Alén da súa interpretación da noción de historia, os teóricos valoran a importancia que concede á “simpatía” como capacidade de identificación emocional, as agudas explicacións sobre a forza persuasiva do humor, a identificación entre o ben pensar e ben dicir, o aprecio da novidade como valor estético, a atención que presta á cadencia rítmica e, sobre todo, a pulcritude de estilo coa que este libro está redactado.

Cicerón defende que a ciencia e elocuencia, coñecemento e palabra (**sapere** e **dicere**) son dous aspectos **complementarios** e **inseparables** da competencia oratoria. Craso (voceiro de Cicerón nos libros primeiro e terceiro) considera que a preparación **intelectual** do orador que pretenda intervir con eficacia na vida política e social do seu tempo é imprescindible. O carácter **pragmático** da Retórica fai teóricamente inaceptable a separación entre *res* (contido) e *verba* (expresión).

No libro segundo, Cicerón desenvolve as súas ideas sobre a *inventio*, *dispositio* e a *memoria*. Ao explicar as **cualidades** que debe ter un orador, expresa a súa preferencia polo *ingenium* (predisposición innata) e pola *diligentia* (atención á causa e as súas circunstancias), quedando o coñecemento da teoría e a aplicación das normas nun segundo plano.

Cicerón defende que **ensinar**, **deleitar** e **conmover** son os fins de todo o discurso tanto na súa totalidade como de cada unha das súas partes. Recoñece, seguindo a Aristóteles, a forza da **comicidade** nalgunhas situacións oratorias.

Partes do discurso

Exordio
Proposición/Narración
Argumentación
Conclusión

No terceiro libro desta obra, discute a **elocutio** e a **pronuntiatio**. Insiste en que o coñecemento axeitado do contido (*res*) é tan necesario como o dominio da expresión (*verba*): só sabemos —en teoría— aquilo que somos capaces de expresar con palabras. Nesta obra, Cicerón reformula as características que deben caracterizar a “elocuencia” oratoria e céntrase particularmente nos elementos que constitúen o **ornatus** (tropos e figuras) do discurso.

Conceptos chave:

Sapere – dicere
Res – Verba

Segundo el, o orador debe estar adornado con todas as cualidades que caracterizan a cada un dos demais profesionais da palabra:

- a agudeza de análise dos **dialécticos**,
- a profundidade de pensamento dos **filósofos**,
- destreza verbal dos **poetas**,
- a memoria indeleble dos **xuristas**,
- a poderosa voz dos **tráxicos** e,
- os xestos expresivos dos mellores **actores**.

Brutus:

Compendio **histórico** composto en forma de **diálogo** no que falan Cicerón, Ático e Bruto. Trata da arte da oratoria en Roma e ofrece unha visión xeral da **elocuencia** pre-ciceroniana. Entre os predecesores de Cicerón atópanse a maioría dos principais políticos da Roma republicana, que, como é ben sabido, foron grandes oradores. Destacan en particular Escipión Emiliano, Cayo Lelio, Servio Sulpicio Galba, Cecilio Metelo Macedónico, Tiberio e Cayo Graco; máis tarde, Marco Antonio e Licinio Craso —os principais interlocutores en *De Oratore*— Cayo Aurelio Cota e o gran Hortensio. Cicerón, acusado de falar ao modo "asianista", avalía máis de douscentos oradores gregos e latinos empregando como criterios de análise os **cinco cánones** da oratoria, as **tres funcións do orador** —persuadir, agradar e conmover— e os **tres tipos de estilo** —simple, medio e sublime.

Orator:

O Orador é unha obra clave para a comprensión histórica da **teoría** da **prosa** e do **ritmo**. Está escrita en **forma** de carta dirixida a Bruto, na que Cicerón continúa a controversia que iniciara cos aticistas. Recoñece que o seu ideal do orador perfecto —alguén que domine por igual todos os xéneros e estilos— nunca existiu, pero admite que a imitación é unha tarefa que sempre se pode perfeccionar.

Aínda que dedica certa atención á 'invención' e á 'disposición', a maior parte deste libro céntrase na '**elocución**'. Partindo da interrelación entre as tres funcións do orador —ensinar, agradar e conmover— e da consideración dos tres niveis de estilo —**simple, medio e sublime**—, Cicerón propón a dimensión estética do discurso como o principio unificador de toda a súa elaboración.

O orador debe probar, deleitar e conmover segundo as circunstancias e, por riba de todo, debe ser **fluído** nos tres estilos. Finalmente, debe ter un coñecemento preciso de **filosofía**, **dereito** e **historia**, e debe dominar as regras esenciais da **retórica**. O plan da obra é dobre: expoñer o que o orador debe dicir – 'invención' e 'disposición' – e como debe dicilo – 'elocución' e 'acción'.

CONCLUSIÓN

Para Cicerón, a **Filosofía** e a **Retórica** complementáanse: unha é *omnis rerum optimarum cognitio* e a segunda *iis exercitatio*. O orador ideal de Cicerón é aquel que é capaz de tratar calqueira tema de forma sabia e elocuente, pero sempre con dignidade e moderación.

5 cánones da oratoria (<i>oratoris officia</i>)	3 estilos (<i>genera</i>)	Enfoque principal
<i>Inventio</i> : encontrar o material	Estilo simple (genus tenue/subtile)	ensinar
<i>Dispositio</i> : seleccionalo e ordenalo	Estilo medio (genus medium/temperum)	deleitar
<i>Elocutio</i> : escoller palabras e formar frases	Estilo elevado (genus vehemens/amplum)	conmover
<i>Memoria</i> : memorizar e ser recordado		
<i>Actio</i> : transmitir con emoción.		